

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA
PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2022*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 18 DE
MARZO DE 2022 POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA
PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2022*

BDNS(Identif.):616146

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/616146>)

1. Persoas beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

1. Carecer de fins de lucro
2. Ter domicilio social no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou excepcionalmente fóra deste sempre que traten sobre temas de interese para a provincia
3. Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS
4. Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes de pagamento coa Deputación
5. Non ter obrigas nin xustificacións pendentes derivadas de subvencións concedidas pola Deputación

2. Obxecto

Subvencións públicas destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais coma braille, que se editen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos en lingua galega considerados de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

3. Lexislación aplicable

Bases de subvencións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 18 de marzo de 2022; LXS; Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2022; e demais lexislación aplicable.

4. Contía

Oitenta mil (80.000,00) euros.

5. Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na BDNS.

6. Outros datos de interese

- Solicitudes: as entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude a esta convocatoria, na que deberán indicar a modalidade concreta e a categoría na que participan
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo terceira da convocatoria
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento do traballo obxecto da subvención
- Compatibilidade: si
- Forma de pagamento: transferencia bancaria
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, a conta xustificativa dos gastos, a memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e a acreditación da debida difusión, nos termos previstos na base vixésima da convocatoria
- Prazo máximo de xustificación: 31 de xaneiro de 2023

Pontevedra, 18/03/2022

A deputada delegada de Patrimonio Documental e Bibliográfico, Patrimonio Material e Memoria Histórica, María Ortega Iñarrea

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:CPHOURMC18QY4W7P

